

## **ÁS VOLTAS CO ENXORDECIMENTO DAS SIBILANTES SONORAS NO GALEGO MEDIEVAL**

XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ  
(Universidade de Vigo - Galiza)

Unha das diferencias más sobranceiras existentes na actualidade entre a fonoloxía do galego e do portugués, á parte do vocalismo nasal, é o feito de non existiren no inventario do galego os fonemas sibilantes sonoros que aparecen no portugués.

En galego, ó contrario doutros iberorromances, non temos noticias que nos informen acerca da pronuncia da época medieval ou da época moderna, polo que só a análise comparativa dos textos conservados nos poderá fornecer dunha idea aproximada da pronuncia do iberorromance occidental falado ó norte do Miño.

Verbo do corpus utilizado para a nosa pesquisa, acordamos non ter en consideración os textos líricos, redactados na koiné galego-portuguesa da época<sup>1</sup>, pois tanto más cultos e literarios son os textos peor valerán para os nosos propósitos; resultannos de máis confianza os textos redactados inicialmente sen intención científica ou artística, textos redactados por escribas illados relativamente afastados dos focos de cultura da época, onde se atendería severamente á tradición etimolóxica latina. Interésannos os textos redactados por escribas pouco avezados, notarios de zonas rurais, etc, pois nestes textos "secundarios" é onde se aprecia nitidamente a inmediatez e espontaneidade da realidade oral da lingua, onde as chamadas "faltas de ortografía" nos revelen o que nos poderían ocultar as grafías. A atención á proporción destas confusións gráficas é esencial para precisar a vitalidade das mudanzas.

A pregunta de partida é: se o conxunto dos falantes distinguía fónica e graficamente sen problemas xorda de sonora<sup>2</sup>, ¿por que o sistema gráfico cesou de reflectir esta oposición para as sibilantes se estaba perfectamente preparado para facelo?

### **1- O enxordecemento ou desonorización das sibilantes sonoras.**

Primeiramente debemos dicir que o título deste apartado non nos semella o máis indicado, por canto as últimas tendencias investigadoras dubidan mesmo da existencia nos protorromances peninsulares setentrionais, ou polo menos nas súas variantes más setentrionais, de fonemas sibilantes sonoros. A situación de partida é que xa desde os primeiros textos galegos rexistramos unha gran inestabilidade e cruzamentos entre as grafías que representaban fonemas sibilantes ¿Houbo enxordecemento dos correlatos sonoros dos fonemas sibilantes xordos nunha determinada altura do medievo ou, outramente, nunha houbo tal enxordecemento senón que as grafías comenzaron a deixar transparentar unha fala natural disociada da escrita etimolóxica? En caso de se producir o enxordecemento ¿cando, como e onde se orixinaría? ¿É nos iberorromances non casteláns un castelanismo, como postulan algúns autores? Achámonos ante un dos temas más apaixonantes no estudio histórico das linguas romances da Península Ibérica e, sobre todo, un dos fenómenos que máis fonemas envolveu, polo que a súa complexidade é evidente.

Deberemos indicar a priori que manexamos con certa precaución determinadas edicións de textos medievais. Son fiables as edicións de Ramón Lorenzo, Clarinda Maia, L.F. Lindley Cintra, A. Martínez Salazar ou J.L. Pensado, mentres que con outras deberemos establecer as cautelas pertinentes. Con todo, rexeitamos a premisa tan intensamente pregoada de que a maioría dos textos non son fiables, pois, á parte de ser rigorosamente incerta, pexaría seriamente calquera tipo de estudio sobre o estadio medieval da nosa lingua, de calquera lingua. No noso corpus procuramos manexar no posible edicións de autores de recoñecido prestixio.

### **2- Hipóteses sobre as causas do enxordecemento**

O denominador común da maioría dos autores que se ocuparon de investigar as causas do enxordecemento reside na idea dun reaxuste fonolóxico xestado no norte da península debido principalmente a factores substratísticos, reaxuste que posteriormente se foi estendendo cara ó sur dos respectivos dominios lingüísticos. Sobre o lugar de xestación do fenómeno, as causas últimas do proceso e a evolución crono-espacial ten habido (e hai

aínda) contradictorias e, en ocasións, confrontadísimas opinións por parte dos diversos autores.

André Martinet postulou para o enxordecemento en castelán a teoría da influencia substratística eusquera na indiferenciación castelá entre sibilantes xordas e sonoras. Para Martinet, os subsistemas casteláns modernos de sibilantes orixináronse nunha zona setentrional de Castela onde existirían durante algún tempo interferencias vasco-románicas<sup>3</sup> que provocarían, co tempo, as peculiaridades fonolóxicas que desvían o castelán "de una manera violenta, y súbita al parecer, de la línea románica tradicional". Lloyd<sup>4</sup> prevía unha situación distinta, con reforzamento articulatorio para a evolución a un sistema sen sonoras xa en época ben temperá:

Grafía	Segundo Lloyd	Segundo outros autores
SS - S	[ts] - [s]	[s] - [z]
Ç - Z	[ts] - [s]	[ts]- [dz] ( [s] - [z] )

Segundo isto, o reforzo articulatorio tenso da xorda supuña a africación, eusquerizando o sistema de sibilantes, e conduciría a que tamén se producise o mesmo na parella X - J.G. Ora ben, o reforzo da palatal xorda daría algo así como [tʃ] e a sonora adaptariase como [ʃ] e non cremos que isto fose posible porque colisionaría gravemente coa realización única do fonema africado palatal ou lámino-postalveolar xordo /tʃ/ de orixes distintas; esta é unha pexa importante que lle opomos á formulación de Lloyd.

Martinet teima en que resulta case imposible "atribuir al azar un paralelismo tan sorprendente en dos lenguas [eusquera e castelán]", datando a plena desaparición das sonoras en castelán no curso dos séculos XVI e XVII, polo "derrumbamiento de una tradición lingüística conservada durante largo tiempo por las clases superiores, pero que hallaba cada vez menos apoyo en la masa de población de un área cada vez más extensa"<sup>5</sup>. É cando menos sorprendente que, defendendo o nacemento dun castelán eusquerizado no dominio das sibilantes, postule a definitiva defunción das sonoras moitos séculos máis tarde. Seméllanos tamén en certa medida contradictorio que Martinet negue a validez das confusións gráficas da época medieval ("El examen de los documentos del castellano antiguo no aporta ninguna prueba totalmente convincente de la existencia de tendencias antiguas a confundir las sibilantes sonoras con las sordas correspondientes"<sup>6</sup>), falando de "hábitos ortográficos", pero, contrariamente, detecte "una cierta repugnancia de parte de los escribas a simbolizar una

distinción fonológica que encontraban difícil de reproducir en su propia habla"<sup>7</sup>. E se non é polas anomalías gráficas ¿que indicios temos do enxordecemento? ¿Que probas temos de palatalizacíons en latín vulgar e que datación poderemos establecer se as grafias PRETZIOSA ou TERSIO son unicamente "hábitos ortográficos" ou "lapsus dos escribas"? <sup>8</sup>

En opinión de Dámaso Alonso a desonorización ou enxordecemento esténdese desde a costa mediterránea ata a atlántica noroccidental peninsular e o influxo eusquera non é válido para explicar o mesmo fenómeno en galego, astur-leonés, navarro-aragonés ou catalá-apitxat: "no puede estudiarse dentro del estrecho marco de lo castellano"<sup>9</sup> e atribúe o fenómeno "a una causa profunda, enraizada en algo que unía a tan extenso territorio (...); sin duda, *un substrato común de efecto retardado*".

Zamora Vicente é partidario de falar dunha franxa substratística setentrional. No mesmo sentido se expresa Josefina Álvarez, para quen

"... a lo largo de la banda norteña en que nacen las variedades latinas que se transformarán en gallego, leonés, castellano y aragonés (más o menos difundidas por el centro y sur de la península), *la distinción de sibilantes sordas y sonoras (que acusan los documentos desde el siglo XIII) nunca fue muy precisa, y que probablemente en algunas zonas nunca llegó a establecerse.*"<sup>10</sup>

Diego Catalán esgrime que durante a romanización ningunha lingua indíxena se estendía de mar a mar e pregúntase ¿como enxordecerían unhas sibilantes sonoras, de creación serodia, se eran impronunciables para os pobos que xeraron eses romances? ¿Como o substrato non exerce a súa influencia "no momento" en que a lingua indíxena é paulatinamente substituída e o vai exercer mil anos máis tarde? Non ten sentido.

Concordamos con Lloyd en que as linguas nacidas no cuarto setentrional da península presentan desde os seus primeiros textos redactados en romance cada vez más numerosas anomalías gráficas que delatan convulsíons ou, posiblemente, desconexión inocultable entre letra e son. O principal aspecto que aquí debemos salientar é que o rendemento funcional da oposición xorda-sonora no sistema de sibilantes non era importante, "y su abandono no implicaba confusión en el discurso real"<sup>11</sup>. Alén disto, as palabras que presentaban sibilante xorda en posición intervocálica eran moito más frecuentes cás que presentaban sonora. Por

outra banda, o feito de a sibilante Z aparecer asociada a sufíxos puido inducir, segundo Lloyd, os falantes a asociaren sonorización ou ausencia da mesma con circunstancias morfolóxicas, e non puramente fonolóxicas. Lembremos tamén que na propia evolución dos grupos latinos KY e TY cara ás asfícas romances tiñamos unha serie de resultados "etimoloxicamente inexplicables" unhas veces con xorda e outras con sonora.

- TY: RATIONE > *razón*, UTTIU > *vezo*.  
PUTEU > *poço*, CAPITIA > *cabeça*, MATIANA > *maçãa*  
GLATIU > *laço*, PALATIU > *paaço*, PETIA > *peça*
- KY: IUDICIU > *juizo*, GALLAECIA > *Galiza*.  
CORTICEA > *cortiça*, LAQ(U)EU > *laço*.

A factores de tipo substratístico pódenselle amecer algúns outros de carácter estructural, e entre todos -non podemos falar dunha única causa- contribuirían a que no norte da Iberia, xa desde moi cedo, consideremos unhas zonas onde non existen fonemas sibilantes sonoros (por moito que as grafías a partir do século XIII traten de camuflar esta realidade) e outras zonas onde ben puideron existir pero que, ben por unha primitiva inestabilidade no sistema, ben pola adopción duns usos orais "simplificados" que non dificultaban a comunicación, xa nos séculos XIII e XIV, e a pesar da reacción cultista e arcaizante na escrita, foron pouco a pouco asimilándose ó hábito oral vindo do norte. Isto non é admitido en absoluto pola maioría dos investigadores<sup>12</sup>, que seguen repetindo duns a outros que áinda nos século XVI ou XVII existirían zonas ou camadas sociais altas con esa distinción xorda-sonora no seu sistema de sibilantes.

### 1.2.- O problema do ocultamento gráfico

Á luz do visto nos documentos e textos galegos analizados<sup>13</sup> facemos nosas as palabras de D.Alonso cando notaba que "es proceder con poca lógica pensar que detrás de las innumerables confusiones — y a lo largo de tres siglos — de s y ss, de ç y z, de x y j, no hay más que impericia"<sup>14</sup>

Dos textos galegos dos que nos ocupamos nesta investigación, non son poucos os que ignoran o grafema -SS-, mentres que nos restantes textos confúndense gravemente -S- e -SS- con cruzamentos nas dúas direccións: -S- por -SS- e -SS- por -S-. Verbo dos cruces no par gráfico representativo da suposta oposición fonolóxica /s/-/z/ (ou /s/-/z/, xa desafricados os dous fonemas), únicamente en dous textos, en FLA e en MS, apenas achamos nada destacable, mentres que no resto dos textos sempre hai - en maior ou menor

medida - anomalías gráficas con intercambios entre Ç e Z nunha ou noutra dirección e mesmo nas dúas. Cómprase salientar tamén que así coma nos textos do XIII hai un excesivo abuso do grafema Z, nos textos do XV da zona occidental hai unha práctica desaparición do mesmo (tanto de Z coma de SS), substituído as más das veces polo grafema -S- e, en menor medida, por -Ç-. Con respecto ó último par de sibilantes, o prepalatal ou lámino-alveolar, /ʃ/-/ʒ/, achamos probas evidentes de enxordecemento en grafías de textos do XIV (CT) e do XV (LP e TA), ás que podemos engadir aqueloutros exemplos que nos fornecían algúns textos dos séculos XIII, XIV e XV (*sexia, Thereixa, axude, Vilauxe<sup>15</sup>, rexelos, puxe, oxe, Lourixe, Toxal<sup>16</sup>*, etc).

Na transparencia das anomalías gráficas que poidamos interpretar como transformacións no sistema de sibilantes deberíamos ter moi presentes tres factores:

1) Que o fonema sibilante apical /ʂ/ ten unha frecuencia de aparición no discurso cinco veces superior ó dental /s/ e oito veces máis có lámino-postalveolar ou prepalatal /ʃ/, de aí que as confusións gráficas dos signos representativos dos fonemas sibilantes dentais ou, más ainda, prepalatais sexan moito más significativas e dignas de ter en consideración para o estudio das irregularidades gráficas delatadoras de "irregularidades" fonéticas e fonolóxicas.

2) Que a oposición xorda-sonora circunscríbese á posición prenuclear intervocálica e era relativamente rendosa para o par fonémático apicoalveolar, pero presentaba múltiplos problemas no par dental polas evolucións diverxentes xa vistas de -TY- e -KY- unhas veces a fonema xordo outras a sonoro, quitado o escaso rendemento que tiña este par. Por outra banda, a oposición no par prepalatal, podendo concorrer tamén en prenuclear inicial absoluta, era así mesmo moi escasa, e un falante que non distinguese na súa fala este par e só pronunciase a xorda podía perfectamente, con base no coñecemento do latín que daquela tiñan as persoas instruídas, grafiar X ou Gei, J, conforme á etimoloxía, pois eran moi poucas as palabras que levarían X, e polo hábito ou pola memoria visual podía aprender aqueles casos problemáticos<sup>17</sup>. Por outra banda, teñamos en conta así mesmo tres feitos que poderían coadxuvar neste aspecto:

a) que /z/ era etimoloxicamente unha auténtica sonorización de /s/, contrariamente a /ʒ/ e /dʒ/, que non proviñan de sonorización ningunha dos seus correlatos xordos.

b) que existirían cruzamentos dos resultados /ts/ e /dz/.

c) que moi probablemente na boca dos nativos distinguidores conservárase durante máis tempo con maior vitalidade a sonora no caso de /ʒ/ (GE, GI, DJ, etc).

3) Que o par grafémico S-SS era moi fácil de desfacer<sup>18</sup> e prestábase doadamente a lapsus pola proximidade do deseño, mentres que os pares Ç-Z e X-GJ eran moito más doados de manter gráficamente porque o deseño gráfico das letras era moi diferente (á parte do visto nos puntos anteriores, polos que nos decatamos de que había cinco e oito veces menos posibilidades de confusión nestes dous últimos pares grafémicos).

Clarinda Maia e outros autores prefieren falar de "inestabilidade gráfica" e non son partidarios de apreciar enxordecemento únicamente cando o grafema -S- era usado co valor de /ʂ/ e -SS- como /ʐ/, pois así se rexistra esporadicamente en certos textos portugueses sen que por iso poidamos pensar nin por un momento en indicios de enxordecemento no portugués. É obvio que non, que se trata de lapsus dos escribas e, para distinguirmos o que poden ser "errores ortográficos" simples nos textos portugueses das "anomalías" con trasfondo fonético nos textos galegos, baseámonos en tres puntos:

1) A proporción de errores é moi superior na inmensa maioría dos textos galegos, mentres que nos portugueses a dita proporción é reducida e afecta a un inventario concreto de formas morfolóxicas e léxicas.

2) Son realmente cativos (en cantidad e en extensión) os textos portugueses que presentan o cruzamento recíproco, é dicir, que nun mesmo texto aparezan múltiplos exemplos de -S- por -SS- e, á inversa e simultaneamente, de -SS- por -S-, e os que o fan son textos redactados en zonas fronteirizas dependentes historicamente de Galiza. Pola contra, son lexión os textos galegos de todo o país que presentan o cruzamento recíproco.

3) Descoñecemos que haxa textos portugueses nos que desapareza totalmente a grafía -SS-, feito que ocorre con frecuencia nos textos galegos (sobre todo desde o século XIV) como proba manifesta de que non tiña ningunha utilidade tal representación gráfica<sup>19</sup>. Tras a perda da distinción elixiuse o grafema máis simple, máis económico, máis cómodo. Clarinda Maia afirma que

"...conclui-se que, nesta época [séc.XIII], tinha já começado a perder-se a distinção surda/sonora, no domínio das sibilantes, o que se traduzia na confusão dos grafemas que representavam cada um dos fonemas."<sup>20</sup>

¿Como se pode demostrar e sostener que o proceso estaba en marcha desde o XIII se é a mediados deste século cando empezamos a ter documentos en galego-portugués? Sería como decir que desde mediados do XIII en galego-portugués comenzaban a desaparecer os -N- e -L- intervocálicos latinos, só percibimos o fenómeno a partir da escrita en romance, pero, a pouco que pesquisemos, nos textos latinos dos séculos IX e X podemos achar algúns topónimos ou formas soltas xa evolucionadas que figuran en romance por lapsus do escriba. Queremos supor que co enxordecemento pasa outro tanto: certificámolo desde o XIII porque é a partir de aquí cando temos escritos na nosa lingua, pero mesmo se analizamos nos textos latinos redactados en Galiza, podemos achar xa (valorándoos moito máis) lapsus cálami que retrotraen o fenómeno no tempo. Si que vimos coincidir con Clarinda Maia nas teses de que o fenómeno non debía ser xeral senón rexional<sup>21</sup>, circunscrito en orixe ás rexións más setentrionais de cada un dos dominios lingüísticos peninsulares e que, unha vez que se foi xeneralizando e estendendo no territorio, a distinción perviviría, alomenos na escrita, entre os grupos e estamentos sociais más cultos, o que equivale a dicir arcaizantes e clasicistas, que eran precisamente os que tiñan máis acceso ós medios escritos (eclesiásticos, aristócratas, notarios, etc.)<sup>22</sup>.

Outra proba máis de que no galego do século XIII, polo menos en boa parte do seu territorio lingüístico, (xa) non se distinguían as sibilantes xordas das sonoras (ou como pouco as sonoras estaban totalmente en vías de extinción) expónnola Frago Gracia ó nos falar dos dez escribáns inequivocamente galegos asentados na Sevilla de mediados deste século, dos que só tres quen de distinguir graficamente sibilantes xordas de sonoras no seu castelán inzado de galeguismos léxicos, morfolóxicos e sintácticos<sup>23</sup>, mentres que os outros sete redactan con cruzamentos gráficos en todas direccións. A gran mayoría dos escribas galegos instalados en Sevilla a mediados do XIII xa traía desde a nosa terra o "virus" da indistinción<sup>24</sup>. Esta cadea de coincidencias non pode ser atribuíble en ningún caso ó azar nin ó desleixo, senón ó feito cada vez más evidente de que as linguas do norte peninsular, ou as variedades dialectais setentrionais destes romances, non posuían os correlatos sonoros dos fonemas sibilantes nos seus sistemas fonolóxicos. Secasí, non podemos por menos de sospeitar que estas linguas setentrionais posuirían un ou dous sistemas de sibilantes: un onde tiña

rendemento a oposición fonolóxica xorda/sonora nos fonemas sibilantes, e outro, que podía ser único ou maioritario na lingua e que de feito foi o que triunfou, onde non existían os fonemas sibilantes sonoros debido a causas substratísticas e estructurais.

## Notas

1 "As composições poéticas dos cancioneiros não são os textos ideais para o conhecimento do galego-português: trata-se de uma linguagem literaria, de feição artística, que resulta de uma estilización e não de uma reproducción da linguagem falada na Galiza e na zona de Entre-Douro-e-Minho". Clarinda de Azevedo Maia (1988:3).

2 Non había confusión gráfica noutros pares xorda/sonora: peixe-beixe ('peixe-/-'beixe/), copa-cova ('kopa-/-'kɔba/), pote-pode ('pote-/-'po de/), peca-pega ('peka-/-'pega/), etc.

3 Ángel López García, no ensaio titulado *El rumor de los desarraigados* (1983) Barcelona, Editorial Anagrama, formula que o castelán foi na orixe un latín vulgar (mal)falado por comunidades indíxenas de lingua autóctona eusquera ou eusqueroide.

4 Lloyd (1993:432)

5 Martinet (1974:543-544)

6 *idem*

7 *idem*

8 Son defensores da tese substratística tamén Diego Catalán e Emilio Alarcos; segundo Alarcos, habería no norte peninsular zona ou zonas dialectais que, desde os inicios dos romances, terían só os fonemas xordos ou, como mal menor, posuirían a coexistencia irregular e inestable das xordas coas sonoras.

9 D. Alonso (1972:124)

10 J. Martínez Álvarez (1978:230) O suliñado é noso. De feito rexístranse índices porcentuais moi sospeitosos en documentos casteláns de Burgos e Logroño desde finais do XII e todo o XIII, e o mesmo podemos asegurar para o astur-leonés de Asturias e o aragonés de textos oscenses do XIII, as últimas investigacións retrotraen o fenómeno nestas lingua ós albores de cadansúas escritas.

11 Lloyd (1993:434).

12 Á parte dos Diego Catalán, A. Alonso, J. Mondéjar e outros , véxanse tamén R. Cano Aguilar (1988) especialmente as páxinas 88, 102, 211 e 260, M. Ariza (1989:162), ou, máis recentemente, R. Penny (1993: 97).

13 Vid. na bibliografía as referencias exactas: son documentos do Mosteiro de Oseira (DO), os documentos galegos de Clarinda Maia (CM), a General Estoria (GE), Libro de Tenzas de Santiago (LT), Crónica Troiana (CT), Crónica General e Crónica de Castela (CG), Miragres de Santiago (MS), Livro do Concello de Pontevedra (LP), Crónica de Santa María de Iria (CI), e outros documentos menores.

ACTAS DO XIV ENCONTRO NACIONAL DA APL

14. D. Alonso(1972:127-128) A cita enteira non ten desperdicio: "No se hable de escribas imperitos. Esos escribas no confundían sino en rarísimas ocasiones una **t** y una **d**, o una **c** ([k]) y una **g** ([g]). Mejor dicho: cuando en documentos aragoneses sale una confusión de esta clase (**t** por **d** o viceversa; **c** por **g** o viceversa ) el filólogo moderno sabe muy bien a qué se debe tal confusión: es un hecho fonético lo que se descubre por la rotura."

15 J.Piel (1984: 524 ): "Novíssimas achegas à história da tradição antropotopónomástica mais antiga latina no Noroeste galaico", *Verba* 11, di que o topónimo *Vilaúxe* non pode vir de VILLA + USII, xenitivo de -USIUS, senón de VILLA + URSI, xenitivo de URSUS. Non sabemos que pode significar a terminación -USIUS, pero desde logo non estamos de acordo coa etimoloxía proposta, xa que URSI ten Ú que daría O. No hipotético caso de que fose así, o resultado sería con -SS- palatalizado polo -I final; non habería entón mala grafización senón fose polo feito de que no mesmo documento dos primeiros anos do século XIV, 1309, onde rexistramos *Vilauxe* tamén aparece a forma *Vilauje*: o escriba non tiña claro — é ben evidente — a distinción fonolóxica /ʃ/-/ʒ/ na súa fala, pois do contrario non erraría tan gravemente.

16 Ou tamén *eglexa*, *queyxo*, etc, nos *Foros de Castelo Rodrigo* (Vid. Cintra 1974:519). Lembremos que a este respecto xa manifestaba Clarinda Maia (1986: 472) que "o uso do grafema x em formas em que, de acordo a respectiva etimología, esperaríamos uma grafía da pré-palatal sonora, não pode interpretar-se senão como a manifestación, nos textos escritos, do fenómeno do ensurdecimento que, desde o séc. XIII, afectaria a lingua falada na Galiza"

17 Recórdese o dito en Lloyd (1993:428).

18 D. Alonso (1972:8): "...la convención de duplicar la letra era menos representativa, sobre todo porque aplicaba el sistema de oposiciones únicamente en una posición: la intervocálica."

19 Recórdese o expresado por Frago ( 1993:278-279 ) no sentido de que a solución uniformizadora en -s constitúe a proba más irrefutable dun enxordecimiento "irremediablemente arraigado" no fonetismo do escriba. Segundo sexa a proporción de faltas entre -s e -ss- poderemos pensar nun escriba que descoñecía a (antiga ) oposición ou ben estaba en camiño de a perder.

20 Clarinda Maia (1986:458).

21 Clarinda Maia (1983:3) di que "é, contudo, altamente provável que nas regiões situadas nas duas margens do Minho -do Minho até ao Cantábrico e do mesmo rio até ao Douro- existissem variações regionais quer de uma zona relativamente à outra, quer no interior de cada uma delas".

22 Elisabeth Douvier (1987:111) afirma para o español do século XV a este respecto o seguinte: "nous concluons que les copistes (...) assourdiscent /z/ et /ʒ/; mais dans une langue soignée ils sont encore capables de rétablir la sonorité...".

23 Mesmo hai documentos redactados case integralmente en galego, en concreto Frago fálanos de polo menos unha carta "redactada en un gallego apenas punteado de castellanismos". Véxase Frago Gracia (1993: 69-77). Por outra banda, tomamos nota do exposto por Zamora Vicente (1967:90) cando afirma abundando no anterior que "El prestigio cultural de Galicia, sobre todo en el siglo XII, era enorme: existe incluso un documento de 1185, de Matilla de la Seca, al este de Araduey, es decir, ya oriental, que presenta todos los caracteres gallego-portugueses. A estos escribas gallegos o galleguizados hay que achacar también las ultracorrecciones (*luedo*, *fuerma*, *puebres*, etc) que surgen tardíamente". Non son infrecuentes os textos redactados nos séculos XII e XIII en territorio actualmente leonés ou beirão portugués (lembremos os *Foros de Castelo Rodrigo*) que presentan numerosos galeguismos de tipo fonético, morfolóxico e léxico, ou que están praticamente redactados en galego, proba evidente da contribución de poboacións galegas á repoboación de boa parte do tercio centro e suroccidental de León, Extremadura e Andalucía.

24 Lémbrese o dito por Cintra (1959 e 1974) para os *Foros de Castelo Rodrigo*.

## Bibliografía

- Alarcos Llorach, E. (1968): "Les représentations graphiques du langage", en *Le Langage*, pp.548-557.
- Alonso, D. (1972): *Obras Completas I*, Madrid. [Incluye artigos como "Sobre la -s final de sílaba en el mundo hispánico", "Ensordecimiento en el Norte peninsular de alveolares y palatales fricativas", "Temas y problemas de la fragmentación fonética peninsular", etc.].
- Ariza, M. (1989): *Manual de fonología histórica del español*. Madrid: Síntesis.
- Cano Aguilar, R. (1988): *El español a través de los tiempos*, Madrid: Arcolibros.
- Carvalho, J.G.C. Herculano de (1984): "A evolución portuguesa dos grupos -ky- e -ty- intervocálicos", en *Estudos Linguísticos*, I, Coimbra, pp. 171-195.
- Chancelarias Portuguesas. D.Pedro I(1357-1367)*. Edición preparada por A.H. Oliveira Marques. Lisboa: INIC. 1984.
- Cintra, L.F. Lindley (1959 [1984]): *A línguagem dos foros de Castelo-Rodrigo, seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Corta, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonés e do galego-português do séc. XIII*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Cintra, L.F. Lindley (1961): "Observations sur l'orthographe et la langue de quelques textes non littéraires galicien-portugais de la seconde moitié du XIII<sup>e</sup> siècle", en Straka, G. (ed.): *Les anciens textes romans non littéraires. Leur apport à la connaissance de la langue au moyen âge. Colloque international organisé par le Centre de Philologie et de Littératures Romanes (Univ. de Strasbourg, 1961)*. París: Klincksieck, 1963, pp.188-206.

## ACTAS DO XIV ENCONTRO NACIONAL DA APL

- Cintra, L.F. Lindley (1974): "A linguagem dos foros e o galego-português de Xalma", en *Estudos de Linguística portuguesa e românica*, 1, Coimbra, pp.508-537.
- Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1025-1310* (1989): Ed. de M. Romaní Martínez, 2 vols. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Crónica de Santa María de Iria. Códice gallego del siglo XV* (1951): Edición, prólogo, notas e glosario a cargo de J. Carro García, CSIC-IPSEG, Anexo V de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela.
- Cortes Portuguesas. Reino de D. Pedro I (1357-1367)* (1986): Ed. preparada por A.H. de Oliveira Marques e N.J. Pizarro Pinto Dias. Lisboa: INIC.
- Crónica Trolana* (1985) Edición, introducción lingüística e texto transcrita por Ramón Lorenzo. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Demanda do Santo Graal* (1944): Edición e estudio de A. Magne, 3 vols., Rio de Janeiro.
- Douvier, E. (1985) : "Les anomalies graphiques du ms.1182 du 'Libro de los gatos' sont-elles les indices d'une évolution du système consonantique castillan ?" en *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale*, Univ. de Paris-XIII, n° 10, 33-70 e n°12 (1987), 63-116.
- Gossen, C.T.(1968 a): "Graphème et phonème: le problème central de l' étude de langues écrites du moyen âge", en *Revue de Linguistique Romane* 32, pp.1-16.
- Gossen, C.T.(1968 b): "L'interprétation des graphèmes et la phonétique historique de la langue française", en *Travaux de Linguistique et de Littérature* 6, 1.
- Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463)* (1991): Ed. de A. Rodríguez González e I. Millán González-Pardo, Ediciones do Museo de Pontevedra.
- Livro dos Conselhos de El-Rei D. Duarte* (1984): Ed. de J.J. Dias Álvares, Estampa, Lisboa.
- Livro de José de Arimateia* (1967): Edición e estudio de H.H. Carter, en *University of North Carolina studies in romance languages and literatures* 7, Chapel Hill.
- López, Fr.A. (1916): "Gallego y portugués (Observaciones sobre el códice gallego de la 'Legenda Áurea')", en *Boletín da Real Academia Galega* 9, pp. 145-147.
- Lorenzo [Vázquez], R. (ed) (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos P. Feijóo.
- Lorenzo [Vázquez], R. (ed.) (1985): "Introducción", in *Crónica Trolana*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, pp. 5-212.
- Lorenzo [Vázquez], R. (1987 b): "Algunhas consideracións sobre a 'História do galego-português' de Clarinda de Azevedo Maia", en *Verba*, 14, pp. 441-488 [especialmente as pp. 460-465].
- Lloyd, P. (1993): *Del latín al español*. I. Madrid: Gredos.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: INIC.

## ENXORDECIMENTO DAS SIBILENTAS SONORAS NO GALEGO MEDIEVAL

- Maia, Clarinda de Azevedo (1988): "Antecedentes medievais do 'seseo' galego", en *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, Madrid: Castalia, pp. 33-44.
- Martinet, A. (1974): *Economía de los cambios fonéticos. Tratado de fonología diacrónica*, Madrid : Gredos [ especialmente as páxinas 421-431, 448-461 e 546-550 ].
- Martínez Álvarez, J. (1978): "Acerca de la palatalización de /s/ en español", *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, III, Universidad de Oviedo, pp. 221-236.
- Martínez Salazar, A. (1909-1910): "Fragmento de un nuevo códice gallego de las Partidas", *BRAG*, A Coruña, pp.31-32.
- Martínez Salazar, A. (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña.
- Méndez Fernández, M\*.L. (1991): *Contribución ó estudio dun Libro das Tenzas da Catedral de Santiago (edición crítica e estudio dos folios 1 a 27)*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago .
- Naro, A. J.(1973): "Achegas para o estudo das Palatalizações Românicas em Português", en *Estudos diacrónicos*, Petrópolis: Vozes, pp. 71-96.
- Neto, S. da Silva (1952): *História da língua portuguesa*, Rio de Janeiro: Livraria Académica.
- Neto, S. da Silva ( 1956 ): *Textos medievais portugueses e seus problemas*. Rio de Janeiro: Rui Barbosa.
- Penny, R. (1993): *Gramática histórica del español*. Barcelona: Ariel.
- Pensado Tomé , J.L. (1958 a): *Mitragres de Santiago* (edición e estudio crítico), Anexo 68 da *Revista de Filología Española*. Madrid.
- Pensado Tomé, J.L. (1962): *Fragmento de un 'Libro de Tristán' galaco-portugués* (edición e estudio), Anexo 14 dos *CEG*, Santiago de Compostela.
- Pensado Tomé, J.L. (1975): "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses", en *CEG* 29, Santiago de Compostela, pp.102-129.
- Primeyra Partida (1980): Edição de J. de Azevedo Ferreira, INIC, Braga.
- Soberanas, A.J. (1979): "La version galaico-portugaise de la 'Suite du Merlin'", en *Vox Románica* 38, Berna, pp.174-193.
- Souto Cabo, J.A. (1987): "A crónica troiana galego-portuguesa", en *Agália*, 9, A Coruña, pp.68-74.
- Zamora Vicente , A (1967 ): *Dialectología española*, Madrid: Gredos.